

## **A D.O. Ribeira Sacra congratúlase de que a Ribeira Sacra dea un paso máis para ser Patrimonio da Humanidade.**

A **UNESCO** comunicaba este venres á Xunta que a candidatura da **Ribeira Sacra para ser Patrimonio da Humanidade** é unha das 24 propostas admitidas para o seu estudo na 45ª sesión do Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO, que se celebrará no vindeiro ano 2021. Así, a Ribeira Sacra será a proposta de España para ser incluída na Lista do Patrimonio Mundial da Humanidade.

O **valor universal deste territorio** apoiase en dous pilares básicos; o **patrimonio cultural e arquitectónico** co que conta, sendo a maior concentración de románico rural de Europa e a **viticultura extrema ou de montaña** que se leva a cabo nas ladeiras en socalcos, polo que Ribeira Sacra ten tamén recoñecemento internacional a través dos seus viños, xa que desde o sector primario, especialmente o vitícola, Ribeira Sacra preséntase como unha paisaxe viva, e exemplo da relación do home coa natureza.

O **Presidente do C.R.D.O.R.S., José Manuel Rodríguez**, amosaba a súa satisfacción porque Ribeira Sacra continúe con paso firme cara a súa declaración como Patrimonio da Humanidade, "O que se leva traballado no mantemento, conservación e divulgación deste territorio recibe recompensas e iso congratúlanos. Nun momento de crise global como o que estamos vivindo, que se recoñeza o valor universal da Ribeira Sacra danos, se cabe, máis motivación e empuxe. Son novas ilusionantes en momentos duros."